

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ORDES

Elevación a definitivo acordo aprobación regulamento funcionamento canceira municipal. Publicación texto íntegro

EDICTO

Elevado a definitivo, por non terse presentado reclamacións durante o prazo de exposición ao público, o acordo do Concello Pleno adoptado en sesión ordinaria de data 5 de abril de 2016, de aprobación do Regulamento municipal de funcionamento da canceira municipal.

De conformidade co disposto no art. 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, faise público o texto íntegro da modificación regulamento, sen que este entre en vigor ata que se leve a cabo a devandita publicación e teña transcorrido o prazo previsto no art. 65.2 do devandito texto legal.

Contra esta modificación, unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia, poderá interperse recurso contencioso administrativo nos termos establecidos na Lei reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa.

Ordes, 18 de maio de 2016

O Alcalde-Presidente

José Luis Martínez Sanjurjo

REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DA CANCEIRA MUNICIPAL DE ORDES

1. OBXECTO.

Constitúe o obxecto do presente regulamento ordenar as formas de actuación a levar a cabo para o bo funcionamento da canceira municipal de Ordes, sita no parque empresarial de Merelle deste termo municipal, así como da recollida dos cans abandonados no termo municipal.

O presente Regulamento formúlase con base no artigo 11 da Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en catividade, o cal dispón que “os Concellos recollerán aos animais abandonados e reteranos até que sexan reclamados, acollidos ou sacrificados”, e en uso da potestade regulamentaria atribuída polo artigo 4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

O fin último do centro é lograr o máximo benestar posible aos animais recollidos durante a súa estadía no mesmo, educar á poboación sobre as responsabilidades que carrega teren un animal de compañía, concienciala sobre o problema que supón o abandono de animais e tratar, na medida do posible, de buscar un novo fogar aos residentes mediante un programa activo de adopcións.

2. ÁMBITO DE APLICACIÓN.

O presente regulamento é de aplicación no termo municipal de Ordes e comprenderá unicamente as razas da subespecie *Canis lupus familiaris* ou can doméstico.

A canceira municipal figura inscrita como Centro de Recollida de animais domésticos abandonados no Rexistro de Establecementos de Animais Domésticos e Salvaxes en Catividade de Galicia, segundo se establece no Decreto 153/1998, do 2 de abril, polo que se aproba o regulamento que desenvolve a Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección dos animais domésticos e salvaxes en catividade e no Decreto 111/2010, do 24 de xuño, así como sobre os xestores do mesmo.

3. NORMATIVA DE APLICACIÓN.

Será de aplicación a normativa estatal e autonómica relacionada de seguido, así como as súas modificacións e/ou revisións. Do mesmo xeito serán aplicables as definicións establecidas polas mesmas:

- Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección dos animais domésticos e salvaxes en cativeiro, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Decreto 153/1998, do 2 de abril, polo que se aproba o regulamento que desenvolve a Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección dos animais domésticos e salvaxes en cativeiro.

- Decreto 111/2010, do 24 de xuño, polo que se modifican diversos Decretos en materia de agricultura, formación agraria e conservación da natureza, para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE, relativa aos servizos no mercado interior.

- Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da tenza de animais potencialmente perigosos.

- Real decreto 287/2002, do 22 de marzo, polo que se desenvolve a Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da posesión de animais potencialmente perigosos.

- Decreto 90/2002, do 28 de febreiro, polo que se regula a tenza de animais potencialmente perigosos na Comunidade Autónoma de Galicia e se crean os rexistros galegos de identificación de animais de compañía e potencialmente perigosos e de adestradores caninos.

- Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal.

- Real decreto 526/2014, do 20 de xuño, polo que establécese a lista das enfermidades dos animais de declaración obrigatoria e regúlase a súa notificación.

No ámbito municipal serán, así mesmo, de aplicación as correspondentes ordenanzas, en particular a ordenanza reguladora da tenza de animais domésticos, a ordenanza municipal reguladora da licenza pola tenza de animais potencialmente perigosos, do seu rexistro, da sección local do rexistro de animais de compañía e das taxas pola prestación de tales servizos e a ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de lacería, recollida, aloxamento e control de animais domésticos.

4. DEFINICIÓNS.

Para os efectos deste regulamento enténdese por:

- Animais domésticos: os que se crían, reproducen e conviven coas persoas e que non son susceptibles de ocupación.
- Animais de compañía: os animais domésticos que se crían xeralmente no propio fogar co obxecto de obter a súa compañía.

- Animais salvaxes en cativeiro: os que, sendo libres pola súa condición, sexan obxecto de captura no seu medio natural, manténdose nun grao absoluto e permanente de dominación.

- Animal abandonado: o que circula libremente aínda que estea previsto de identificación oficial, se no prazo de vinte días a partir da súa captura non é reclamado por alguén que acredite a súa propiedade. Así mesmo, terán a dita consideración aqueles que sexan entregados voluntariamente por calquera persoa no centro de acollida.

- Animal extraviado: aquel que, vagando libremente por espazos abertos, leve identificación sobre a súa orixe ou o seu propietario. Estes animais pasarán a ter a categoría de abandonados cando o propietario, unha vez requirido, non se faga cargo del despois de transcorrido o prazo establecido para tales efectos.

- Animal tutelado: aquel que permaneza no centro e non teña sido reclamada a súa propiedade no período legal de 20 días trala comunicación do seu ingreso. Así mesmo, terán a dita consideración os animais cuxos donos renunciaren expresamente á súa propiedade. Todos os animais tutelados serán susceptibles de seren adoptados por calquera persoa que o solicite e se comprometa a mantelos en condicións axeitadas.

- Establecemento: calquera recinto, instalación, edificio ou grupo de edificios, incluíndo anexos e espazos que non estean totalmente cerrados ou cubertos, así como instalacións móbiles, onde se aloxen, manteñan ou crían animais.

- Núcleos zoolóxicos: son aqueles establecementos que albergan coleccións zoolóxicas de animais con fins científicos, culturais, recreativos ou para a súa reprodución, recuperación, adaptación ou conservación.

- Establecemento para o fomento de animais: son os establecementos que teñen por obxecto a reprodución, explotación, aloxamento temporal ou permanente e venda, ou ambos, de animais.

- Centros dedicados ao acicalamento ou coidados de animais: son os establecementos dedicados ao tratamento hixiénico, ao acicalamento, coidado e outras actividades afíns dos animais obxecto deste decreto.

- Establecementos de recollida de animais abandonados: son os establecementos que teñen por obxecto a recollida de animais abandonados, facilitándolles no tempo e forma que marque a normativa vixente aloxamento, alimentación, coidados e os tratamentos hixiénico-sanitarios correspondentes.

- Establecimientos veterinarios: aqueles onde se realizan habitualmente calquera tipo de tratamentos cirúrxicos, terapéuticos e a hospitalización de animais, e outros servizos veterinarios baixo a responsabilidade dun veterinario. Animais domésticos: os que se crían, reproducen e conviven co ser humano e non son susceptibles de ocupación.

5. TITULARIDADE DO SERVIZO.

O servizo e as instalacións afectas ao mesmo son de titularidade municipal, podendo ser xestionado da forma máis sustentable e eficiente de entre as enumeradas no artigo 85.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

O Concello de Ordes poderá concertar convenios de cooperación ou colaboración coa Consellería competente, con asociacións de protección e defensa dos animais ou con outras entidades autorizadas para este fin.

En calquera caso o Concello de Ordes exercerá a intervención administrativa, o control, vixilancia e cantas funcións impliquen o exercicio da autoridade e sexan da súa competencia.

6. TIPOLOXÍA DOS SERVIZOS PRESTADOS.

Son fundamento do presente Regulamento a prestación dos servizos seguintes:

6.1. Lacería de animais domésticos e de compañía (cans) nas vías públicas e en toda a extensión do termo municipal de Ordes.

O servizo de lacería abarca a recollida de animais domésticos e de compañía (cans) que circulen polas vías públicas dentro do ámbito territorial do Concello de Ordes, con inobservancia das prescricións legais ou municipais sobre tenencia, de aqueles que agrediran a persoas ou outros animais, e de aqueles sospeitosos de transmisión de enfermidades infecto-contaxiosas. Isto inclúe a súa recollida, colectiva ou individual, transporte e, no seu caso –finalizados os prazos legais e condicionantes do presente Regulamento– sacrificio e xestión final do cadáver.

6.2. Identificación e saneamento dos animais domésticos recollidos.

Levaranse a cabo as labores de identificación dos propietarios dos animais recollidos e comunicación fidedigna ós mesmos para que procedan á súa retirada, aboando as taxas pertinentes, así como o envío de informes á Consellería competente para proceder, segundo corresponda, ó inicio dos expedientes sancionadores, sempre iniciados pola administración competente. Asemade, o animal será desparasitado, e vacunado, de ser preciso.

6.3. Canceira municipal.

Destinado a fins de recollida, depósito, estancia e custodia incluíndo a alimentación, coidado hixiénico-sanitario dos animais da canceira, así como a conservación, limpeza, mantemento e xestión da canceira e das súas instalacións.

En relación ao seu manexo, os animais deberán ser alimentados con pensos comerciais elaborados en fábricas autorizadas. Ademais deberán poder realizar exercicio, non debendo estar atados, salvo por causas xustificadas e en momentos puntuais. Deberán ter a posibilidade de exercicio diario alo menos unha hora.

6.4. Recollida e transporte de cadáveres de animais domésticos.

A procedencia dos animais domésticos recollidos e transportados, poderá ser tanto das vías públicas como de particulares no ámbito territorial do Concello de Ordes, previo abono da taxa correspondente. O Concello contará cos medios adecuados e homologados para transporte de animais vivos e mortos e as correspondentes autorizacións administrativas.

Se inclúe a prestación do servizo de eutanasia, mediante procedementos autorizados e baixo o control dun veterinario colexiado, así como a xestión final dos cadáveres. No caso de particulares, deberán abonar nestes casos tamén as correspondentes taxas.

6.5. Adopción de animais de compañía.

Este servizo se realizará mediante a atención de visitas de particulares, o mantemento dos animais en adecuadas condicións hixiénico-sanitarias e a execución dos trámites de adopción de animais segundo a lexislación vixente.

O Concello de Ordes comprométese á darlle a maior publicidade posible aos animais tutelados na canceira cara á súa posible adopción por particulares. Así mesmo, organizará, só ou en colaboración con asociacións para a defensa dos animais debidamente autorizadas, accións educativas dirixidas á poboación en xeral e á infancia en particular.

6.6. Acolida temporal en vivendas particulares

No caso de que todas as prazas da Canceira estean ocupadas, ou en caso de situacións excepcionais previa valoración dos servizos veterinarios, os animais de forma temporal poderán acollerse en vivendas particulares.

6.7. Sacrificio e xestión final de cadáveres de animais domésticos mortos.

Tentarase, na medida do posible, evitar o sacrificio dos animais tutelados na canceira municipal. A xestión dos residuos de cadáveres de animais de compañía ou animais domésticos (RCAD), recollidos, mortos ou sacrificados, considerados segundo o artigo 4 do Regulamento (CE) nº 1069/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de outubro, como subproduto animal de categoría 1, deberán ser xestionados e transportados a unha planta autorizada de acordo co dito Regulamento comunitario por un xestor autorizado.

Todos os cadáveres deberán ser identificados individualmente, de xeito que se poida establecer unha correcta trazabilidade dos mesmos ata o seu transporte e destrución.

7. INSTALACIÓNS.

As instalacións da canceira municipal sitúanse no Parque empresarial de Merelle (parcelas 49-50), Ordes. A distribución de estancias e os seus usos son as seguintes:

7.1. Zona de estancia permanente.

Esta zona está disposta para a acollida de animais das diferentes especies recollidos despois da súa estancia na zona de corentena.

Á súa vez, a zona de estancia permanente está subdividida en varias dependencias, segundo especies, tamaños, sexos, idades e estatus sanitario sendo estas individuais ou de grupo, en función das características tanto das especies aloxadas como das características de cada individuo.

Están deseñadas de xeito que hai un contacto visual permanente que favoreza a socialización entre individuos e destes co ser humano.

7.2. Zona de corentena.

Son uns cubículos individuais, habilitados para manter os animais que non presentan patoloxías ou lesións de tipo traumático das diferentes especies que chegan ao centro durante polo menos 48 horas tras a súa desparasitación tanto interna como externa.

7.3. Zona de lazareto.

Nesta zona e onde todos aqueles animais das diferentes especies que teñen algunha patoloxía ou lesión traumática coñecida, permanecen ata a súa curación ou recuperación que permita pasar ao animal a zona de estancia permanente.

Neste lugar extrémanse as medidas hixiénicas tanto do persoal como das instalacións.

Dentro desta área disporase das necesarias para realizar o seguimento oficial de cans mordedores, que deberán ser observados e permanecer illados durante catorce días regulamentarios, en cumprimento da lexislación vixente.

De conformidade co disposto no Decreto 153/1998, do 2 de abril, a canceira municipal reúne os seguintes requisitos:

a) Localización apropiada, co illamento adecuado, que evite o posible contaxio de enfermidades ou de animais estraños ó establecemento.

b) Construcións, instalacións e equipamentos que proporcionan un ambiente hixiénico, protexan de posibles riscos os animais e faciliten a aplicación de medidas zoonosanitarias.

c) Subministración de auga potable.

d) Sistema para a eliminación de esterco, xurro e augas residuais, de forma que non entrañen perigo de contaxio para outros animais nin para o home.

e) Recintos, locais ou gaiolas de fácil lavado e desinfección para o illamento, secuestro e observación dos animais enfermos ou sospeitosos de enfermidade.

f) Medios apropiados para a limpeza e a desinfección dos locais, material e utensilios en contacto cos animais e, se é o caso, dos vehículos utilizados no transporte seu, cando este se precise.

g) Medios apropiados para a destrución ou eliminación hixiénica de cadáveres animais e materias contumaces.

h) Programa definido de hixiene e profilaxe para os animais albergados, proposto por un facultativo veterinario.

i) Programa de manexo adecuado para que os animais se manteñan en bo estado de saúde, supervisado por un facultativo veterinario.

j) Dispón de locais de espera apropiados, co fin de que en ningún caso os animais permanezan na vía pública, escaleiras ou espazos comúns de inmobles, antes da súa entrada nos citados establecementos.

k) Conta con espazos amplos e suficientes, onde os animais poidan ter un aloxamento adecuado e protexido das inclemencias meteorolóxicas.

l) Dispón de chans de cemento, pedra ou material similar que permitan o lavado e limpeza diaria, dando a estes chans unha lixeira inclinación ata os desaugadoiros.

m) Terá unha temperatura ambiental adecuada, así como aireación, iluminación, leitos secos e auga corrente.

n) Ten departamentos independentes para os animais agresivos e para os animais feridos ou enfermos non contaxiosos.

o) Ten departamentos independentes e convenientemente illados para os animais sospeitosos de padecer enfermidades infecto-contaxiosas.

p) Posúe caixas de primeiros auxilios apropiadas para curas de urxencia.

q) Conta cuns servizos veterinarios adecuados e cunha sala de curas ou primeiros auxilios para atende-los animais feridos.

8. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DOS SERVIZOS PRESTADOS.

8.1. Servizo de lacería, transporte e recollida de animais domésticos.

Os traballos realizaranse ben motu proprio ben previa solicitude dos interesados ou autoridade competente, na maior brevidade posible. Para a atención a particulares existirá un horario que será, como mínimo, de luns a venres de mañá, de 09:00 a 14:00 horas. Fora do horario anterior porase en coñecemento da policía local de Ordes ou Servizo de Emerxencias 112, os cales levarán a cabo as xestións oportunas para o seu prendemento.

As actuacións relativas a cans de difícil captura, tales como utilización de dardos anestésicos, colocación de gaiolas, trampas ou utilización de calquera outro procedemento autorizado, poderán ser organizadas sen necesidade de ser realizadas de forma urxente, sempre e cando non causen danos reais ou potenciais ás persoas ou animais.

Para a recollida de animais vagabundos ou abandonados en propiedade privada será necesaria autorización expresa e por escrito da persoa titular ou responsable da propiedade. Para estes efectos as vías de alta capacidade e autopistas terán a consideración de propiedade privada, podendo recoller os cans que se atopan ceibes ou vagabundos unha vez que sexan capturados e trasladados ao exterior da mesma.

Prohíbese o transporte de animais se estes non se atopan en condicións de realizar o traxecto previsto e se non se adoptaron as disposicións oportunas para o seu coidado durante o mesmo e á chegada a lugar de destino. Os animais enfermos e feridos non se considerarán aptos para o transporte, se ben quedan exceptuados:

a) Os animais levemente feridos ou enfermos cuxo transporte non sexa causa de sufrimentos innecesarios.

b) Os animais transportados co obxecto de someterse á atención e tratamento veterinarios ou a un sacrificio de urxencia.

Calquera animal que se fira ou enferme durante o transporte recibirá os primeiros auxilios o antes posible. Se procede, será sometido ó tratamento veterinario adecuado e, en caso necesario, sacrificado urxentemente de forma que se lle eviten sufrimentos innecesarios.

Nas situacións de emerxencia, nas que un ou varios cans precisen de asistencia sanitaria, deberán seguirse as indicacións dun veterinario colexiado, así como aplicar os tratamentos necesarios para evitar o sufrimento innecesario do animal.

Cando se recolla un animal gravemente ferido, do que non é posible a curación e sexa inevitable o sufrimento do animal, procederase do xeito seguinte:

- No caso de que o animal posúa identificación oficial e sexa posible a localización do propietario, informarase ao mesmo do estado e da gravidade do animal, podendo este autorizar a eutanasia do mesmo polo servizo veterinario de garda, evitando o desprazamento do mesmo, ou ben ordenar o seu traslado a un centro para o seu tratamento, baixo recoñecemento da débeda xerada na prestación do servizo.

- No caso de que o animal non posúa identificación oficial ou non sexa posible localizar ao seu propietario, será o servizo veterinario de garda decidirá a procedencia do sacrificio humanitario do mesmo, prevalecendo sobre a decisión o benestar animal. O cadáver será depositado no Refuxio ata que a xestión do mesmo sexa autorizada polo seu titular e en todo caso ata cumprirse 10 días dende a notificación fidedigna da súa recollida.

O transporte realizarase coas debidas condicións hixiénicas e sanitarias, debendo respectarse en todo caso as condicións específicas previstas na normativa vixente sobre protección dos animais durante o transporte.

Os animais recollidos serán colocados en zonas independentes, illadas do resto, para proceder ao recoñecemento inicial do estado do animal e a súa desparasitación externa e interna. En todo caso illaranse os animais enfermos dos

saudables até a súa total recuperación. No caso de atoparse animais con enfermidades perigosas ou de alto contaxio ou de non ser posible o illamento necesario, considerarase cos servizos veterinarios o seu sacrificio, sen prexuízo das actuacións e comunicacións que procedan en cumprimento do disposto no Real decreto 526/2014, do 20 de xuño, polo que se establece a lista das enfermidades dos animais de declaración obrigatoria e regúlase a súa notificación.

Os animais serán vacinados e desparasitados periodicamente seguindo a cartilla sanitaria de vacinacións indicada polos servizos veterinarios.

Unha vez recollido o animal procederase a cubrir unha ficha individual no libro oficial de rexistro indicando os datos seguintes:

- Data de inscrición.
- Procedencia.
- Especie, raza e, de ser o caso, identificación individual.
- Sexo.
- Idade (cando menos estimada).
- Estado sanitario.
- De ser o caso, identificación da persoa que procedeu á súa entrega e motivo desta se voluntariamente o manifesta.
- Calquera outra particularidade que permita a súa identificación.

A asistencia veterinaria poderá levarse a cabo con persoal propio do Concello, mediante convenio con outras Administracións Públicas ou Asociacións legalmente capacitadas para elo ou mediante contrato con empresas ou profesionais coa titulación legalmente esixible. Corresponderá ao facultativo veterinario, con independencia doutras atribucións xa contempladas ou requiridas por outros organismos competentes, o control hixiénico e a vixilancia sanitaria das instalacións e dependencias da canceira, debendo entre outras medidas:

- Comprobar o estado dos animais.
- Decidir o momento no que os animais deben cambiar de zona.
- Inspeccionar as condicións hixiénico sanitarias das instalacións e dependencias da canceira.
- Levantar actas como consecuencia das inspeccións dos animais e/ou instalacións.
- Levar o control das vacinacións, desparasitacións e chipeado en cada caso.
- Emitir informes facultativos sobre os resultados das inspeccións, análises practicadas ou condicionantes do sacrificio.

Os animais domésticos recollidos serán depositados un período de vinte (20) días na canceira. Durante ese tempo o Concello realizará as tarefas oportunas para localizar ó seu propietario. Cando sexa posible a súa identificación, se lle comunicará fidedignamente mediante unha notificación por parte da administración correspondente, neste caso o Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía (REGIAC) que nun prazo de dez (10) días deberá proceder a recuperalo, previo pago dos gastos que orixinase a súa custodia de atención sanitaria e manutención. Se transcorre o prazo indicado sen ser retirado o animal, se entenderá como abandonado, e poderase abrir expediente sancionador ó seu dono por abandono por parte da autoridade competente, neste caso, o Concello de Ordes, para o cal deberase remitir a esta entidade un informe comprensivo ó respecto, con copia das comunicacións e recepción das mesmas.

No caso de que o animal recollido teña dono pero non conte con chip de identificación, para a súa reclamación o propietario deberá presentar ao Concello a documentación acreditativa (cartilla sanitaria, permisos, fotografías, ...etc.) e abonar as taxas de estancia, manutención e custodia, así como os gastos do chipeado do animal que non poderá abandonar as instalacións sen o mencionado chip.

Tanto se trate dun animal identificado con microchip ou non, o propietario deberá aboar as seguintes taxas recollidas na correspondente ordenanza fiscal:

- Recollida de animais na vía pública.
- Estancia, manutención e custodio.

No caso dun animal non identificado, deberá abonar tamén os gastos da implantación do microchip. En ningún caso o animal poderá abandonar as instalacións sen o mencionado microchip.

Cando se reclame un animal e o propietario non poida recollelo persoalmente, a persoa que o realice deberá aportar unha autorización por escrito do propietario, na que figure claramente o nome completo e DNI tanto do propietario do animal como da persoa autorizada, así como os datos identificativos do animal (nome, raza, sexo e nº de microchip), e deberá presentar o seu DNI, documentación do animal e fotocopia do DNI do propietario.

No caso de reclamar un animal considerado potencialmente perigoso, o propietario do mesmo, deberá presentar ademais da cartilla sanitaria e tarxeta identificativa, e seu DNI e a licenza para tenencia de animais potencialmente perigosos. En ningún caso se dará en adopción ou reclamado un animal deste grupo sen que o interesado presente a licenza en vigor.

Os animais non identificados ou abandonados, poderán ser adoptados pola persoa que o desexe. Estes animais dados en adopción entregaranse debidamente desinfectados, vacinados e identificados mediante o dispositivo homologado oportuno (microchip). Eses gastos serán sufragados polos adoptantes.

Os animais non será atados máis que no momento de movelos ou manipularlos cun fin específico, permanecendo en liberdade no seu cubículo.

Cando un cubículo quede libre realizarase unha limpeza e desinfección completa do mesmo, antes da introdución dun novo individuo.

Pecharase o acceso ao centro de recollida cando se realicen movementos entre cubículos ou se manipulen animais fóra dos seus recintos (lavado, exame veterinario, ...).

Tras esgotar todos os prazos legais de adopción sen que houbese xestión con interesados ou con entidades protectoras para que se fagan cargo da súa custodia ou cesión, poderase proceder ó seu sacrificio baixo estrito control veterinario e coa debida constancia, indicando data e motivo. Polo tanto, o sacrificio dos animais se realizará, salvo razóns hixiénico-sanitarias, cando fose intentado sen éxito a súa adopción.

Non se procederá ao sacrificio de animal ningún, salvo por razóns hixiénico-sanitarias, sempre que a canceira municipal teña capacidade suficiente para manter con vida aos animais ou estes podan ser trasladados a outras dependencias sen que supoña un maior custe para o Concello de Ordes.

8.2. Servizo de visitas, reclamacións, adopción e acollida temporal de animais.

A atención á particulares para reclamacións, trámites de adopción e acollida temporal de animais e recepción de animais de particulares por imposibilidade de facerse cargo do seu coidado ou recepción de cadáveres de animais domésticos para a súa xestión final será realizado polo Concello mediante cita previa.

O encargado do servizo, durante o horario establecido, atenderá con corrección tódalas visitas que se dirixan á canceira e facilitará a información e os trámites para a acollida temporal ou adopción dos animais polos que se interesen.

A adopción de animais domésticos ou acollida temporal da canceira se executará de conformidade ó disposto na lexislación vixente no referente ós aspectos hixiénico-sanitarios, identificación e tenencia de animais.

Os trámites de adopción deberán cumprimentarse nun prazo máximo de corenta e oito (48) horas dende a súa petición, sempre que transcorreran os vinte (20) días de recuperación do animal polo seu lexítimo propietario. Para iso, o Concello disporá dun impreso de adopción no que figuren as características do animal que se pretende adoptar, o compromiso de adopción responsable, o pago das correspondentes taxas fiscais e as condicións na que terá lugar a entrega (documentación a subministrar, chip identificativo, e hora na que terá lugar a entrega no prazo máximo de 48 horas) asinado polo solicitante e o Concello.

A persoa interesada na adopción dun animal, poderá reservalo persoalmente no centro, e disporá dun prazo máximo de 3 días para a formalización do trámite de adopción. Transcorrido este prazo, a reserva efectuada perderá a súa validez.

O animal deberá ser entregado acompañado da documentación regulamentaria, subscrita polo servizo veterinario da canceira, que acredite a:

- Idoneidade do animal
- A cartilla de identificación do animal e do novo propietario
- Chip identificativo, no seu caso, ou cambio da titularidade correspondente
- O certificado de vacinacións e desparasitación

Os custos de adopción, a abonar polos interesados, serán os establecidos nas taxas correspondentes e incluírán en cada caso:

- Os custos de tramitación
- Os custos de vacinación
- Os custos de desparasitación
- Os custos de identificación (chip) e rexistro de mascotas

A acollida temporal de animais formalizarase igualmente nun impreso de acollemento temporal no que figuren as características do animal acoller, o compromiso de acollemento responsable e as condicións na que terá lugar a entrega

(documentación a subministrar, chip identificativo, e hora na que terá lugar a entrega no prazo máximo de 48 horas) asinado polo solicitante e o Concello.

O Concello conservará, no seu arquivo, un libro de rexistro das adopcións e acollementos efectuados a longo do ano, no que figurarán, como mínimo: a data de adopción ou acollemento, os datos básicos de identificación do animal e o seu propietario ou persoa de acollida e arquivará copia dos documentos que acrediten a adopción ou acollida e as condicións hixiénico-sanitarias do animal.

O dito libro rexistro conterá a identificación completa e domicilio dos novos posuidores ou persoas de acollida, dos animais cedidos en adopción ou acollemento e, de ser o caso, o destino ulterior dos cadáveres dos animais mortos ou sacrificados co visto e prace dun veterinario.

Asemade, calquera propietario ou posuidor dun animal que non desexe continuar coa súa tenencia poderá entregalo na canceira, sempre e cando existan prazas libres e posúan toda a documentación en regra (chip, vacinas, ... etc.), previo abono da taxa correspondente.

8.3. Servizo de sacrificio e xestión de cadáveres de animais de compañía.

Serán motivo de eutanasia o sufrimento inevitable dun animal, a inviabilidade da súa curación (carecendo de dono) ou en todo caso, o transcurso do prazo administrativo indicado para cada caso no Decreto 153/1998 de 2 de abril de protección dos animais domésticos e salvaxes en cativeiro de Galicia, sempre e cando se xustifique a saturación da canceira. Precisarás ter autorización como xestor para a realización das tarefas e unicamente poderán ser utilizados os métodos de sacrificio autorizados no Artigo 59 do mesmo Decreto.

A Consellería competente nesta materia poderá engadir á lista anterior aqueles outros métodos que ó seu xuízo reúnan os requisitos apropiados.

No caso de propietarios que acudan a estes servizos exclusivamente para o sacrificio do animal e/ou eliminación do cadáver, o propietario deberá facerse cargo unicamente dos custos de materiais de sacrificio e da xestión da eliminación, segundo as taxas en vigor.

En xeral, só se aplicará o sacrificio cando os procedementos de adopción resulten infrutuosos e resulte inviable, debidamente xustificado, o mantemento do animal por un período de tempo máis extenso ós prazos legais. Tamén se aplicará no caso de animais enfermos ou feridos cuxa recuperación no sexa posible. A selección dos animais a sacrificar, así como o propio sacrificio se efectuará baixo a supervisión dun veterinario e este será o responsable dos métodos utilizados. A xustificación dos criterios empregados para determinar o sacrificio será detallada individualmente para cada animal mediante un certificado de sacrificio que se incorporará ao listado de altas e baixas.

Tamén serán obxecto deste servizo os cadáveres dos animais recollidos na vía pública e non reclamados, así como os de animais entregados por particulares sufragando os custos do servizo. Os animais sacrificados así como os cadáveres recollidos serán xestionados adecuadamente en instalacións autorizadas xa sexa nas propias instalacións como a través de xestor autorizado, trasladados por transportistas debidamente autorizados ou medios propios debidamente homologados e contando cos correspondentes permisos.

Para un mellor control deste servizo e as súas instalacións, o Concello levará un rexistro actualizado no que se fará constar, entre outros datos de interese:

- A data dos días de sacrificios, de ser o caso, e da entrega dos cadáveres para a súa xestión final.
- Número de animais sacrificados e de cadáveres entregados a xestor.
- Peso total aproximado dos mesmos
- Taxas fiscais abonadas

Deberá acreditarse nese rexistro o control veterinario efectuado.

8.4. Outras actuacións.

Ademais da recollida, transporte, aloxamento e manutención dos animais, o servizo comprende outra serie de accións orientadas a fomentar a tenencia responsable destes animais. Por iso, o Concello, por si mesmo ou en colaboración con outras entidades públicas ou privadas, colaborará ou realizará accións conducentes á diminución de cans abandonados e ao fomento das adopcións. Entre aquelas podemos mencionar:

- Realización de visitas guiadas ao centro de acollida de grupos organizados polo Concello.
- Repartición de material propio de programas educativos ou de concienciación.
- Transmisión, a través de Internet ou outros medios, dos datos para o mantemento, en caso necesario, dunha web de adopcións.

- Atención esmerada a visitantes que desexen adoptar un animal, axudándolles na súa elección.
- Colaboración en cantas outras actuacións que lle sexan demandadas neste ámbito, en especial nas actividades de concienciación cidadá.

9. PROGRAMA DE HIXIENE E PROFILAXE.

9.1. Prácticas de hixiene desenvolvidas

9.1.1. Obrigas dos traballadores:

- Utilizar roupa limpa todos os días ó chegar ó traballo, cambiala cando sexa necesario para manter unhas axeitadas condicións hixiénicas e utilízala unicamente durante o desenvolvemento do traballo.
- Utilizar calzado exclusivo para o desenvolvemento do seu traballo, con características que faciliten a súa limpeza e desinfección, que deberá ser cando menos diaria, ao rematar a xornada, así como antes de entrar e ao saír da zona de Lazareto, e ao pasar do aloxamento dunha especie ao de outra.
- Realizar a súa rutina de traballo diaria de supervisión, limpeza e alimentación dos animais ordenadamente e por especie, comezando pola zona de estancia permanente, pasando de xeito progresivo dos animais mais xoves a aqueles que teñen as pautas profilácticas completas e a continuación o resto, rematando por corentena e lazareto, sempre seguindo a orde entre especies: felinos, equinos, caninos e outras.
- No caso do lazareto no que a aplicación de tratamentos limite este procedemento de traballo o operario deberá utilizar luvas, que se desbotarán ao saír do lazareto.
- Do mesmo xeito os útiles de limpeza (escobóns, recolletores, cepillos..) estarán en cantidade suficiente e reunirán as características axeitadas, de xeito que serán utilizados unicamente, tanto na zona correspondente en función da especie para que se empregue, como na zona na que se limpe con el segundo o seu estatus hixiosanitario . Será obrigada a súa identificación visual para poder diferenciarlos inequivocamente e para empregalos en cadansúa zona.
- Utilizar os equipos e prendas de protección persoal entregadas polo Concello para a realización de cada tarefa. En concreto será obrigado o uso de máscara durante a limpeza mecánica de instalacións e na súa desinfección e seguindo, en todo caso, as indicacións descritas polo fabricante.
- Manter en xeral unha correcta conduta hixiénica, lavando as mans cantas veces sexa necesario e evitando en todo o momento o contacto directo dos fluídos corporais ou feces coas prendas persoais (non de traballo). Non está permitido comer nin beber fora do lugar habilitado no edificio de persoal e mantemento. Do mesmo xeito está prohibido fumar en todo o recinto.

9.1.2. Limpeza de instalacións permanentes de cánidos

Todos os días se realizará unha limpeza a fondo coa eliminación mecánica de feces. Utilizarase deterxente e auga a alta presión na medida que sexa necesaria, evitando mollar aos animais e o encharcado das instalacións.

Os bebedoiros e comedoiros limparanse a diario coa axuda de auga e medios mecánicos, unha vez rematada a limpeza da instalación na que se atopan.

Establecerase unha pauta semanal de limpeza máis profunda, utilizando desinfectantes de amplo espectro para unha maior eficacia do tratamento.

Realizarase unha desinsectación e desratización completa das instalacións sempre que as condicións o requiran e como mínimo cada seis meses.

Os tratamentos de desinfección, desinsectación e desratización deberán ser realizados por unha empresa autorizada para tal efecto ou ben, por persoal coa formación básica para a aplicación de praguicidas, e en todo caso baixo o control dun técnico especialista na aplicación e manipulación de praguicidas. Os produtos utilizados non poderán causar dano aos cans aloxados na instalación.

Todos os produtos utilizados, tanto deterxentes, desinfectantes, desinsectantes e raticidas empregaranse segundo as dilucións e recomendacións establecidas polos fabricantes. Estes produtos serán inocuos para os animais ou ben serán empregados de xeito que o resulten. Non se verterán produtos perigosos para o medio ambiente.

9.1.3. Limpeza de instalacións de corentena e lazareto.

Respectarase as indicacións seguidas anteriormente, extremando as medidas de limpeza, recorrendo nestes casos ao uso de desinfectantes de xeito diario.

No caso de coñecer ou sospeitar de patoloxías infecciosas ou parasitarias será utilizado un produto desinfectante descrito para a eliminación do axente.

Cando no proceso patolóxico interveñan vectores, estes serán obxecto tamén das prácticas de hixiene diarias, evitando o acceso dos mesmos aos portadores.

Cada vez que un animal abandone estas instalacións procederase á súa limpeza e desinfección cos produtos axeitados co fin de evitar o contaxio de patoloxías aos novos inquilinos.

9.1.4. Aseo de animais.

Os cans laranse por norma xeral na bañeira do edificio de aseo de pequenos animais. Para a súa limpeza utilízase auga morna e un xel específico para a especie. Agás no verán será obrigado secarlle o pelo mediante secador de aire a temperatura moderada. A frecuencia entre lavados nunca será (salvo prescrición veterinaria) inferior aos 15 días.

No caso de animais especialmente agresivos, o lavado poderase realizar no mesmo recinto no que se aloxa, aínda que utilizando auga morna.

O cepillado dos animais realízase, cando menos, coa mesma frecuencia que os lavados, agás na época de cambio de pelaxe, na que se intensificará a súa práctica a un cepillado semanal como mínimo.

O corte de pelo practícarase unicamente en especies de pelo longo, no caso de que existan nós ou na procura dunha maior hixiene.

Aproveitando cada lavado, realízase unha revisión do correcto desgaste de unllas, cortando as mesmas se fora necesario.

Neste apartado no se inclúen os lavados terapéuticos prescritos por un técnico veterinario, que se realizarán coa frecuencia e baixo as indicacións do facultativo.

9.2. Programa de profilaxe

9.2.1. Obrigas dos traballadores:

• Dúas veces ao día (mañá e tarde) os cuidadores dos animais deberán facer unha rolda completa de recoñecemento dos animais, constatando os seguintes aspectos:

- Presenza de todos os animais.
- Estado anímico dos mesmos (érguense, achéganse, escapan, ladran, xogan..)
- Estado xeral do animal (pelaxe, coloración ollos, mucosas, ouriños...)
- Indicios de loita ou pelexas
- Presenza de lesións
- Coloración e consistencia de feces en gaiolas
- Funcionamento correcto de bebedoiros
- Consumo de comida
- Escorrenta correcta de augas residuais

• Calquera incidencia detectada na supervisión diaria deberá ser notificada ao veterinario responsable do centro, atendendo ás indicacións que o facultativo determine

9.2.2. Servizo de atención veterinaria

O servizo de atención veterinaria basearase fundamentalmente nas seguintes actuacións:

9.2.2.1. Revisión periódica dos animais presentes no centro de recollida.

Todos os animais acollidos no centro de recollida serán revisados por un técnico veterinario nas primeiras 48 horas dende a súa, cumprimentando unha ficha clínica para cada un deles. O facultativo veterinario comprobará, do mesmo xeito, que as seguintes labores son desenvolvidas de xeito satisfactorio polo persoal correspondente:

- Revisión diaria de incidencias e estado dos animais.
- Limpeza diaria das instalacións.
- Limpeza e desinfeccións periódicas
- Manexo de animais
- Alimentación

9.2.2.2. Programa sanitario e profiláctico. O veterinario actuante será o responsable da correcta realización do programa sanitario e de profilaxe, descrito para cada especie, propoñendo as melloras ou adaptacións precisas en cada momento ou individuo.

9.2.2.3. Servizo veterinario de atención a animais enfermos e feridos. Un técnico veterinario visitará as instalacións do centro de recollida cando se precise o tratamento dalgún animal, tanto para o tratamento de feridas como de patoloxías adquiridas, realizando a supervisión posterior do caso e da aplicación do tratamento prescrito.

9.2.2.4. Control de poboación. O veterinario responsable tomará as medidas necesarias para evitar a reprodución dos animais presentes no centro de recollida, actuando sempre con medidas contraceptivas permanentes ou temporais, segundo criterio facultativo. Nunca se actuará sobre animais con xestación coñecida.

9.2.2.5. Eutanasia de animais. Serán motivo de eutanasia: o sufrimento inevitable dun animal e a inviabilidade da súa curación (carecendo de dono ou propietario). Esta sempre será avalada por un informe veterinario achegado á ficha clínica do animal sacrificado. Noutro caso, unicamente será autorizado o sacrificio de animais, unha vez transcorrido o prazo administrativo indicado para cada caso no Decreto 153/1998, do 2 de abril de protección dos animais domésticos e salvaxes en cativeiro da Comunidade Autónoma de Galicia, cando non sexa posible o mantemento das condicións de benestar ou hixiénicas dos mesmos.

En todo caso unicamente poderán ser utilizados os métodos de sacrificio autorizados no Artigo 59 do mesmo Decreto.

9.2.2.6. Realización de partes, notificacións e informes requiridos ou solicitados pola dirección facultativa, polas autoridades sanitarias ou pola consellería que ostente as competencias nesta materia, incluídos os mencionados no Decreto 153/1998, do 2 de abril. Do meso xeito, requiriríase a presenza do facultativo responsable en calquera das visitas realizadas con carácter inspector ou supervisor do centro ou das actuacións desenvolvidas nel. Neste senso, o Concello de Ordes reservase o dereito a facer as inspeccións ou revisións que considere precisas, tanto por persoal técnico do propio Concello como por persoal designado polo mesmo.

Igualmente, o veterinario deberá comunicar á autoridade competente todas aquelas situacións descritas na normativa como falta ou delito.

9.2.3. Tratamentos profilácticos

9.2.3.1. Desparasitacións periódicas preventivas externas

Serán desparasitados todos os animais á súa entrada, e así como tantas veces como necesiten os animais das diferentes especies para manterse nunha carga parasitaria axeitada e compatible co benestar animal.

9.2.3.2. Desparasitacións periódicas preventivas internas

Efectuaranse todas aquelas desparasitacións internas que sexan obrigatorias, así como as que necesiten os animais das diferentes especies para manterse nunha carga parasitaria axeitada e compatible co benestar animal.

9.2.3.3. Plan vacinal preventivo.

Realizarase a vacinación de todos os animais do centro seguindo todas as pautas que sexan obrigatorias, así como aquelas que permitan aos animais prever certas enfermidades que poderían por en risco a súa vida ou a dos seu conxéneres, así como para evitar contaxios dos animais do centro.

10. FINANCIAMENTO.

O Concello de Ordes, como titular do centro, garante o funcionamento deste coa dotación orzamentaria suficiente para tal fin, para cuxos efectos aprobarase unha ordenanza fiscal que repercuta aos propietarios actuais ou futuros dos animais unha parte dos custes dos servizos prestados.

Así mesmo o centro poderá financiarse con achegas doutras administracións ou de persoas e/ou entidades privadas.

11. CONVENIOS DE COLABORACIÓN

O Concello de Ordes poderá celebrar convenios de colaboración con outros Centros de Recollida de Animais Abandonados para a protección e defensa de animais abandonados, así como con asociacións ou colectivos que por interese pedagóxico desexen realizar tarefas de voluntariado ou de socialización dos animais.

12. ENTRADA EN VIGOR.

O presente Regulamento publicarase no Boletín Oficial da Provincia e non entrará en vigor até que se publicase completamente o seu texto e transcorra o prazo de quince días hábiles previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local.